



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO  
E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



## CARCROSS CHALLENGE GALICIA (BECA CCE 18)

CAMPIONATO DE GALICIA DE AUTOCROSS 2018



COMUNICADO Nº 307/17  
19 de decembro de 2017





### Artigo 1.- ORGANIZACIÓN:

A **Federación Galega de Automobilismo, e Calviño Sport, S.L.**, organizan para o ano 2018 a **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)**, no Campionato de Galicia de AUTOCROSS.

O presente Regulamento complementarase co ANUARIO DE GALICIA 2018, da **Federación Galega de Automobilismo**, nos apartados que non figuren neste documento.

### Artigo 2.- PARTICIPANTES:

A) Poderán participar tódolos pilotos que cumpran co Anexo I do Anuario da Federación Galega de Automobilismo do ano 2018, se inscriban na **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)**, e participen nas probas puntuables.

B) A Federación Galega de Automobilismo, e Calviño Sport, S.L., resérvanse o dereito a rexeitar calquera inscrición á **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)**, sen ter que xustificalo.

### Artigo 3.- VEHICULOS ADMITIDOS:

A **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)** está reservada exclusivamente ós vehículos de CARCROSS admitidos na especialidade e no Campionato de Galicia de Autocross.

### Artigo 4.- INSCRICIÓN:

Tódolos interesados en inscribirse na **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)** deberán facelo enviando as follas de inscrición “online” en [www.fga.es](http://www.fga.es) :

#### FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Ctra. de Vigo, 43 - Baixo · O PINO · 32001 Ourense / Fax: 988 271 461

nun prazo non inferior a 10 días antes da celebración da primeira proba na que desexe participar.

### Artigo 5.- PROBAS:

Para a **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)** serán validas as oito probas que son puntuables para o Campionato de Autocross de Galicia, debidamente aprobados pola **Federación Galega de Automobilismo**.

AUTOCROSS			2018
DATA	PROBA	ESCUDERÍA	COEF.
24-03-2018	78º AUTOCROSS ARTEIXO	PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO	8
07-04-2018	10 AUTOCROSS DE VIDUEDO	VIDUEDO	8
28-04-2018	9º AUTOCROSS DE CARBALLO	MAIS MOTOR	8
13-05-2018	20º AUTOCROSS O CASTRO	RALLYA CTIVIDAD COMPETICIÓN	8
09-06-2018	79º AUTOCROSS ARTEIXO	PEÑA AUTOCROSS ARTEIXO	8
01-09-2018	34º AUTOCROSS SANTA COMBA	AMIGOS DO MOTOR	8
29-09-2018	10º AUTOCROSS CARBALLO	MAIS MOTOR	8
20-10-2018	20º AUTOCROSS O CASTRO	RALLYACTIVIDAD COMPETICIÓN	8

\* e as que designe a Asemblea Deportiva.

### Artigo 6.- PREMIOS:

Con cargo ós presupostos federativos a Federación Galega de Automobilismo, e a empresa Calviño Sport S.L., constructor dos vehículos YA-CAR CROSS, aperturan convenio de colaboración.

Na tempada 2018, o Campión de Galicia de Carcross 2017 escollerá dúas probas do Campionato de España de carcros e participará como piloto oficial da Escudería “Yacar Racing” (Beca CCG 17).

Na tempada 2019, o Campión de Galicia de carcros 2018, participará como piloto oficial da escudería “Yacar Racing” (Beca CCG 18), becado pola Federación Galega de Automobilismo, nas oito probas do Campionato de España de carcros 2019.

As becas (CCG 17) e (CCG 18) consisten na estrea dun carcros Yacar, utilización, mantemento, pneumáticos, combustible, asistencia en circuíto, desprazamento de ida e volta ó circuíto do carcros, e estar encravado no equipo oficial que conleva a utilización do Hospitality e do catering de Yacar Racing o día da proba a celebrar no Campionato de España.



FEDERACION GALEGA  
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es  
http://www.fga.es  
Tlfo: 988 272 841 - Fax: 988 271 461  
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino  
32001 OURENSE



#### **Artigo 7.-**

En cada unha das probas puntuables para a **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)** outorgaranse os seguintes puntos segundo o posto e coeficiente(OITO) da proba, e o regulamento específico de puntuación do Campionato de Galicia de Autocross.

#### **Artigo 8.- PUBLICIDADE:**

Tódolos vehículos deberán levar a publicidade da beca **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)**, e as pegadas da Xunta de Galicia, e Secretaría Xeral para o Deporte.

#### **Artigo 9.- COMISARIO DE SEGUIMIENTO:**

O Comité organizador nomeará a unha persoa, a cal estará debidamente acreditada e identificada, para facelo seguimento da publicidade e todo o concerne o bo desenvolto da **“CARCROSS CHALLENGE GALICIA” (CCG 18)**, nas verificacións técnicas de cada proba, así como do estricto control das pegadas.

#### **Artigo 10.- MODIFICACIÓNS Ó REGULAMENTO:**

Calquera modificación que puidera xurdir unha vez publicado ó presente regulamento, así como calquera cambio no calendario de probas, comunicárase ós inscritos mediante un complemento, e coa publicación na páxina de Internet (<http://www.fga.es>).

**COMISIÓN DAS FÓRMULAS DE PROMOCIÓN  
DA FEDERACIÓN GALEGA DE AUTOMOBILISMO**